

BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “BRAÑAS DO ILLÓ-RÍO SAMO VII”.

1.-Obxecto da convocaroria, normas xerais e principios de actuación.

Este obradoiro de emprego é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade de persoas desempregadas. Dito obradoiro está subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cofinanciado polo Ministerio de Trabajo e Economía Social e promovido polo Concello de Ordes xunto cos concellos de Frades e Mesía.

Impartiranse as especialidades seguintes:

AGAR0309: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes. Para este certificado de profesionalidade, de nivel 1, é necesario cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real decreto 682/2011, de 13 de maio, que o regula.

AGAO0108: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría: Para este certificado de profesionalidade, de nivel 1, é necesario cumprir cos requisitos de acceso sinalados no Real decreto 13/75/2008 de 1 de agosto, que o regula.

O número total de alumnos/as traballadores/as é en total de 20 Alumnos/as traballadores/as, coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Ordes: 10.
- Concello de Frades: 5.
- Concello de Mesía: 5.

Neste obradoiro están previstas as seguintes actuacións :

No concello de Ordes:

1. Chousa do muiño de Vilaríño. Buscás
2. Área de lecer de Adina Vella. Ardemil
3. Queiroal. Ardemil.
4. Brañas. Ardemil.



5. Papeiras de arriba. Buscas.
6. O Prado de Abaixo. Leira.
7. Brañas do Baldío. Leira.
8. Diante do Patelo. Beán.
9. Balada do Croio. Leira.
10. Chousa da Maquía. Montaos.
11. Área de lecer no parque empresarial de Merelle. Ordes.
12. Finca P-85, 1 do parque empresarial de Merelle. Ordes
13. Parque Pilar Martínez. Ordes
14. Paseo do río Mercurín Ramiro Recouso. Ordes.
15. Área de lecer do Paraíso - Pumptrack. Ordes.
16. O Rego da Greca. Parada.
17. Área de lecer Muíño Vello. Pereira.
18. Brañón. Vilamaior.

No concello de Frades:

19. A Ponte Carballa. Abellá.
20. Finca a Presa. Ledoira.
21. Praza da Ponte Carreira. Gafoi.
22. Finca do local social de Ledoira. Ledoira.
23. Os Pasos de Aiazo. Aiazo.
24. Parque do Cabezo. Abellá.
25. Piscina municipal de Papucín. Papucín.
26. Punto limpo de Frades-Mesía. Céltigos.
27. Campo de fútbol de Vitre. Vitre.

No concello de Mesía:

28. Área recreativa da Ponte Carballa. Olas.
29. Área deportiva complexo polideportivo Xanceda. Mesía.
30. Viveiro municipal, Mesía.
31. Brañas do Vilar. Mesía.
32. Brañas de Valga. Mesía.

O obradoiro terá unha duración de 9 meses. e formará a 20 alumnos/as traballadores/as .



O alumnado seleccionado será contratado pola entidade promotora a través da modalidade de “Contrato de formación en alternancia”, de acordo co disposto no artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (segundo a nova redacción dade no artio 1.1.do Real Decreto/lei 32/2021, do 28 de decembro, de Medidas urxentes para a Reforma laboral, a Garantía da Estabilidade no Emprego e a Transformación no Mercado de Trabajo) e coas particularidades establecidas no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores(R.D.L. 2/2015, do 23 de outubro e. percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

A contratación do persoal directivo, docente, de apoio e administrativo será baixo a modalidade contractual ou na forma que dicte a normativa e as instrucións vixentes. Será de aplicacióna Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autonoma de Galicia, e máis concretamente ao Artigo 12. Procedemento de selección do persoal formador, directivo e depoio . (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024) e ao Real-Decreto 818/2021 do 28 de setembro , polo que se regulan os programas comúnes de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego , (BOE núm. 233, do 29 de setembro de 2021).

A data límite prevista para o seu inicio será a autorizada pola Xefatura Territorial da Coruña segundo se prevé na Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autonoma de Galicia.

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- **1 Director/a** (xornada/ completa).
- **2 Mestres/as de especialidade:**
 - Para impartir a especialidade AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, 1 a xornada completa
 - Para impartir a especialidade AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría, 1 a xornada completa.
- **1 Titor/a e mestre/a de ensino básico** (50% da xornada).
- **1 Auxiliar administrativo/a** (xornada completa).



O persoal docente, directivo e de apoio será contratado, baixo a modalidade de: **Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral** (código 405 para tempo completo e 505 para tempo parcial), ao abeiro do establecido na disposición final segunda do RDL 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE núm. 313, de 30/12/2021), e de acordo ao indicado no Art. 13.3 da orde do 07/02/2024, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente. En vista da normativa aplicable e considerando o establecido tanto na Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 código do procedemento TR353A /DOG núm 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024) e máis concretamente no Capítulo III (Selección e contratación, como na instrución de data 15/07/2024 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, que contén as instrucións en relación cos procedementos de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

-Requisitos comúns dos aspirantes: Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

a) **Nacionalidade:** Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas coa nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España

b) **Capacidade funcional:** Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño e funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e



medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedido polo organismo competente.

c) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

- Órgano de Selección: Constitución do Grupo de Traballo Municipal.

A selección será realizada pola entidade promotora e as entidades participantes no proxecto de obradoiro (que formarán o Grupo de Traballo Municipal), tal e como o menciona a Orde, que serán a encargadas de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego que van a participar nos proxectos aprobados pola Comisión Central de Valoración seguindo a normativa reguladora para os obradoiros de emprego e as instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado traballador dos obradoiros duais de emprego de data 15/07/2024.

A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O Grupo de Traballo Municipal, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos



fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos na correspondente orde de convocatoria e demais instrucións.

Unha vez analizada a normativa exposta, o sistema de selección fundamentarase nos procedementos que se indican a continuación:

Como primeira medida para a xestión do obradoiro constituírase o Grupo de traballo Municipal, segundo o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. O Grupo de traballo Municipal ou Comisión de selección estará formado por tres persoas, en representación das entidades participantes no proxecto. A presidencia recaerá na persoa que actúe en representación da entidade promotora do proxecto.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do Grupo de traballo Municipal nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do Grupo de traballo Municipal, algún compoñente non puidera acudir, poderá ser substituído por quen designen dende a entidade promotora, segundo sexa o caso. Nembargantes, o Grupo de traballo considerarase válidamente constituído coa participación nas sesións de traballo da metade dos seus compoñentes.

As decisión adoptaranse por maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais, a persoa designada como presidente disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

As reunións do Grupo de traballo Municipal, así como outras especificacións da selección recolleranse nas actas do proceso correspondentes por triplicado.

Calquera comunicación ao Grupo de Traballo Municipal dirixirase áo Concello de Ordes, rúa Alfonso Senra, nº 108, 15.680, Ordes, A Coruña, ou a través da Sede electrónica da páxina web da entidade promotora: <https://sede.ordes.gal/>



Segundo o recollido na Orde, no seu artigo 14, punto 1, “As incidencias e reclamacións que se puideran suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas polo Grupo de Traballo Municipal.

Segundo o recollido na Orde, no seu artigo 14 punto 2: “Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotorasexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.”

O proxecto de obradoiro dual de emprego “Obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo VII” (Expediente 15/0015/2024), terá como data prevista para o seu inicio o 05-12-2024, segundo o permite a comunicación realizada, con data de 19-08-2024, polo Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na Coruña.

2.- Procedementos de selección do Alumnado-traballador do Obradoiro:

Requisitos específicos:

- a.- Ter 18 ou máis anos de idade
- b.- Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- c.- Cumprir cos requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde do 07 de febreiro de 2024.

Proceso de Preselección.

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego con data de 19/08/2024, e establecidas as bases polo Grupo Municipal de Traballo, o Concello promotor tramitará a correspondente oferta na Oficina de emprego de Ordes, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo Grupo de Traballo Municipal.



Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas a súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Con posterioridade, e despois de publicar no lugar no que se realizara a entrevista as puntuacións da mesma, aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego.

Parámetros da oferta

Sistema de selección: Oferta tipo T.

Localidade: Ámbito dos Concellos de Ordes, Frades e Mesía. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase a concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade mínima: 18 anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, enténdéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación en alternancia nas especialidades impartidas.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible.(60) Comezarse entre demandantes de emprego co código 320,330 “Casas de Oficio”, 340, “Obradoiros de emprego”; ou 370, “Outros programas de formación de emprego, formación dual”.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da Orde do 07 de febreiro de 2024, (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024), segundo baremo que se xunta no Anexo.

Terase en conta se a persoa candidata participou con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego, xa que non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional ou noutro da mesma familia, excepto que o certificado que vaia cursar sexa de nivel superior, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

Terán prioridade as persoas que non participaran nun obradoiro dual ou programa de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores. Para aplicar esta prioridade, as oficinas de emprego deben indicar aqueles candidatos que se atopan nesta circunstancia. Os candidatos que non



participaran nas últimas cinco convocatorias deben obter unha puntuación no baremo empregado pola entidade promotora de ao menos un 25% sobre a puntuación desta fase do proceso selectivo.

Admisión de aspirantes:

Recibida a relación de candidatos/as, O Alcade determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección. O órgano de selección elaborará a listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo, en base ao que se comunicará aos candidatos/as o prazo para presentar a documentación que se require nestas bases (Anexo I).

As persoas que non presenten a documentación en prazo, decaerán no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

A documentación xustificativa que acheguen para que sexa baremada, cuxa relación figura no anexo I, será presentada a través de medios electrónicos, **A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE ORDES: <https://sede.ordes.gal/>, OU PREFERENTEMENTE NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE ORDES PRESENCIALMENTE CON ORIXINAL E COPIA DA MESMA.**

Autorizarase por defecto ao Grupo de traballo Municipal á consulta de documentación que xa obra en poder da administración correspondente e que se detallará en dito anexo.

O Grupo de Traballo redactará as correspondentes actas e remitiraas á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego), acompañada da relación do alumnado-traballador admitido e excluído, indicando neste último caso a causa ou causas da súa exclusión.

Xestión definitiva da selección

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo Grupo de Traballo, que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate será:

- 1.-O maior período de inscrición como demandante de emprego
- 2.-A menor cualificación profesional
- 3.-A idade, tendo preferencia a persoa maior.



Puntuacións finais:

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a pola entidade promotora.

Elaboraranse tres listaxes, unha por cada concello, e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerse á listaxe do concello correspondente. De non haber substituto/a, procederase por orde de puntuación e empregando os criterios para dirimir os posibles empates.

Estas listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Frades, Mesía e Ordes e no taboleiro de anuncios do Concello de Frades, Mesía e Ordes e nas webs e taboleiros dos concellos de de Frades, Mesía e Ordes.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, contando dende o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios dos Concellos de Frades, Mesía e Ordes para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resultas as posibles alegacións e correccións ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do concellos e nos taboleiros de anuncios da sede electrónica a listaxe definitiva de aspirantes coa súa correspondente puntuación no proceso por orde de maior a menor. Serán os/as 20 aspirantes coa maior puntuación os que serán propostos para a súa contratación pola entidade promotora. O resto de aspirantes formarán parte do listado de Reserva (Suplentes) por si fora necesario cubrir postos vacantes.

Elaborada a listaxe definitiva do alumnado-traballador proposto, o Concello de Ordes deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que compren con todos os requisitos para poder participar no proceso. Se algún dos alumnos propostos non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo ao Concello de Ordes para que poida ser substituído pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O órgano de selección non poderá incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran.

Con obxecto de subscribir o contrato laboral as persoas seleccionadas serán chamadas para achegar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos comúns dos aspirantes e preceder a formalizar os contratos laborais.



Características do contrato: -Tipo de contrato: **contrato de formación en alternancia** (código 421-Formación) que levará implícitas as peculiaridades recollidas no artigo 13.2 da Orde do 07 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

3.- Selección do persoal directivo, docente, administrativo de apoio.

Procedemento:

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego con data de 19/08/2024, e establecidas as bases polo Grupo Municipal de Traballo, o Concello promotor en base á Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e máis concretamente ao Artigo 12. Procedemento de selección do persoal formador, directivo e de apoio . (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024) e ao Real-Decreto 818/2021 do 28 de setembro , polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego , (BOE núm. 233, do 29 de setembro de 2021), o Concello de Ordes para o “obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo VII” **propón a continuidade de todo o persoal directivo, docente e de apoio, contratado no anterior proxecto de Obradoiro de emprego “Brañas do Illó-Río Samo VI” xestionado por dito concello , segundo o establecido no artigo 34.2 do Real decreto 818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE.**

Requisitos específicos que deben cumprir os candidatos a docentes:

Os candidatos a docentes, para seren validados, incluso tratándose da opción de continuidade do mesmo persoal contratado anteriormente deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real Decreto 659/2023.

Este cumprimento implica que os docentes deben reunir UN dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixírase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.



•Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto. Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

Procedemento en caso de que se produzan Vacantes dentro de cadro de persoal directivo, docente e de apoio:

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego con data de 19/08/2024, e establecidas as bases polo Grupo Municipal de Traballo: A entidade promotora tramitará as correspondentes ofertas de emprego para este persoal na Oficina de emprego de Ordes, que as xestionará para obter as candidaturas das que se procederá á selección definitiva.

Nas ditas ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atope en situación de desemprego (artigo 12.5).

Como resultado das ofertas presentaranse un máximo de 10 candidaturas por cada un dos postos para a súa avaliación.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Ordes, Frades e Mesía. No caso de non se obter o número de candidaturas suficientes ampliarase, a outros concellos do ámbito territorial da Oficina de emprego de Ordes, segundo o sistema de xestión de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia. As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego de Ordes e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia durante dous días.

A oficina de emprego comprobará a dispoñibilidade das persoas preseleccionadas, que enviará ao grupo de traballo indicándolles o lugar e data da entrevista persoal na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. A documentación acreditativa dos méritos avaliados relacionados no currículo (ver baremos), deberá presentarse por medios electrónicos: **A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE ORDES: <https://sede.ordes.gal/>, OU PREFERENTEMENTE NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE ORDES PRESENCIALMENTE CON ORIXINAL E COPIA DA MESMA.**



As titulacións académicas, se xustificarán co correspondente título académico oficial e os cursos realizados xustificaranse cos correspondentes diplomas. No caso de cursos relativos á preparación informática duplicarase a puntuación base no caso dos realizados a partir do 01/01/2016.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

-Traballo por conta allea: Vida laboral actualizada á outubro de 2024 expedida pola TGSS e contratos laborais correspondentes para o contraste coa vida laboral. Computaranse os meses completos. Na ausencia de contratos de traballo, poderá xustificarse a ocupación desenvolvida con certificados de empresa ou calquera documento válido en dereito no que apareza indicada a mesma

-Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto coa vida laboral á outubro de 2024. Valoraranse os meses completos traballados. No caso de non estar obrigados, documento que lles exima da obriga de cotizar ou calquera documento válido en dereito que se considere suficiente por parte do Grupo de traballo Municipal.

-Traballo no estranxeiro: Certificación oficial traducida ó español, na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

O grupo de traballo Municipal levará a cabo as entrevistas, as valorará e publicará as puntuacións nos Concellos participantes no proxecto. Ademais, redactará as correspondentes actas, que serán obxecto de exposición pública e se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación). Con posterioridade valorará os currículos conforme a os baremos e redactará a correspondente acta que se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación). A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas no taboleiro electrónico da entidade promotora, así como na da xefatura territorial, na oficina de emprego de Ordes, así como na páxina web da entidade promotora e os demais concellos do proxecto, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.



3.1 CRITERIOS PARA DIRIMIR OS POSIBLES EMPATES ENTRE AS PUNTUACIÓNS DAS PERSOAS CANDIDATAS

